

# IMOS PARA O INSTITUTO!



# QUE É A E.S.O.?



- É a última etapa do ensino obrigatorio (chega ata os 16 anos).
- Se todo vai ben remátase en catro cursos.
- Ao finalizar obtense o título de Graduado en Educación Secundaria, que permite acceder ao Bacharelato e aos Ciclos Formativos de FP de Grao Medio.

# Diferenzas entre primaria e secundaria:



| PRIMARIA:  | SECUNDARIA:  |
|--|--|
| Centro máis pequeno e coñecido.                        | Centro máis grande e descoñecido.  |
| Un aula para a maioría das materias.                   | Maíor número de aulas específicas.   |
| Menor horario.   | 32 sesións lectivas semanais.  |
| Un titor ou titora que imparte a maioría das materias. | O profesorado titor xeralmente só imparte unha materia ao grupo.   |
| Importancia do traballo na aula.                       | O traballo na aula segue sendo fundamental, pero agora o da casa cobra maior importancia, o que fai necesario que as familias estén máis pendentes da evolución dos seus fillos e fillas.<br>Requiere maior autonomía do alumnado cara á organización do traballo. |

# MATERIAS 1ºESO:



| MATERIAS                                 | H/S |
|--|-----|
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA              | 4   |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA               | 4   |
| MATEMÁTICAS                              | 5   |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA                     | 3   |
| BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                      | 4   |
| EDUCACIÓN FÍSICA                         | 2   |
| E. PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOV.            | 2   |
| IGUALDADE DE XÉNERO                      | 1   |
| 1ª LQ ESTRANXEIRA: INGLÉS                | 3   |
| VALORES ÉTICOS ou RELIXIÓN               | 1   |
| 2ª LQ ESTRANXEIRA (FRANCÉS ou PORTUGUÉS) | 2   |
| TITORÍA                                  | 1   |

# Entón, ao matricularse en 1º, que hai que elixir?



- **Relixión ou valores éticos**
- **2ª lingua estranxeira :**
  - **FRANCÉS**
  - **PORTUGUÉS**

Se o profesorado de 6º cree que un alumno ou alumna debe recibir reforzo nas materias instrumentais (neste caso nas linguas galega e castelá) pode recomendar que o alumno ou a alumna NON curse 2ª lingua estranxeira e, nese horario, reciba reforzo en lingua e non levará nota na materia (exento/a).

Así aparece no impreso de matrícula:



| APELLIDOS       |  | NOME                            |                                 |                                 |                                 |
|-----------------|--|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| Matricula para: |  | <input type="checkbox"/> 1º ESO | <input type="checkbox"/> 2º ESO | <input type="checkbox"/> 3º ESO | <input type="checkbox"/> 4º ESO |
| Repite curso?   |  | <input type="checkbox"/> Non    | <input type="checkbox"/> Si     |                                 |                                 |

|               |  |  |
|---------------|--|--|
| 1º<br>e<br>2º | <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Francés | <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Portugués |
|               | <input type="checkbox"/> Relixión                        | <input type="checkbox"/> Valores éticos                    |

# 2º ESO



| MATERIAS                                 | H/S |
|--|-----|
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA              | 3   |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA               | 3   |
| MATEMÁTICAS                              | 5   |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA                     | 3   |
| FÍSICA E QUÍMICA                         | 3   |
| EDUCACIÓN FÍSICA                         | 2   |
| MÚSICA                                   | 2   |
| VALORES DEMOCRÁTICOS EUROPEOS            | 1   |
| 1ª LQ ESTRANXEIRA: INGLÉS                | 3   |
| RELIXIÓN ou VALORES ÉTICOS               | 1   |
| 2ª LQ ESTRANXEIRA (FRANCÉS ou PORTUGUÉS) | 2   |
| TITORÍA                                  | 1   |
| TECNOLOXÍA                               | 3   |

# 3º ESO



| MATERIAS   | H/S |
|--|-----|
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  | 3   |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA   | 3   |
| MATEMÁTICAS ACADÉMICAS (Bacharelato) ou MATEMÁTICAS APLICADAS (FP) | 4   |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA   | 3   |
| FÍSICA E QUÍMICA   | 2   |
| BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  | 2   |
| EDUCACIÓN FÍSICA   | 2   |
| MÚSICA   | 2   |
| EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL                           | 2   |
| 1ª LG ESTRANXEIRA: INGLÉS  | 3   |
| RELIXIÓN ou VALORES ÉTICOS   | 1   |
| 2ª LG EST. (FRANCÉS/PORTUGUÉS) ou CULTURA CLÁSICA                  | 2   |
| TITORÍA  | 1   |
| TECNOLOXÍA   | 2   |



# 4º ESO



## MATERIAS

- Língua galega e literatura (3 h)
- Língua castelá e literatura (3 h)
- Inglés (3 h)
- Xeografía e historia (3 h)
- Educación física (2 h)

### Opción Enseñanzas Académicas → Bacharelato

- Matemáticas académicas (4 h)
- Biología e Xeoloxía (3 h)
- Economía (3 h)
- Física e Química (3 h)
- Latín (3 h)

### Opción Enseñanzas Aplicadas → FP

- Matemáticas aplicadas (4 h)
- Ciencias aplicadas á actividade profesional (3 h)
- Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3 h)

### Elixir unha de cada bloque:

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> E. Plástica, visual e Audiovisual (3 h) | <input type="checkbox"/> TIC (3 h)                | <input type="checkbox"/> valores éticos (1 h) |
| <input type="checkbox"/> Tecnoloxía (3 h)                        | <input type="checkbox"/> Cultura Científica (3 h) | <input type="checkbox"/> Relixión (1 h)       |
| <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (3 h)                   | <input type="checkbox"/> Filosofía (3 h)          |   |
| <input type="checkbox"/> Música (3 h)                            | <input type="checkbox"/> Francés (3 h)            |   |
|  | <input type="checkbox"/> Portugués (3 h)          |   |
- Tutoría (1 h)

# PROMOCIÓN e REPETICIÓN



- Promocionarase ao curso seguinte cando o/a alumno/a supere todas as materias ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- Repetirase curso cando o/a alumno/a teña avaliación negativa en tres ou máis materias.
- Cada curso poderá repetirse unha soa vez.

# PROMOCIÓN E REPETICIÓN



- Poderá repetirse dúas veces como máximo na etapa.
- Obtense o título de Graduado en Educación Secundaria cando se teñen adquirído as competencias establecidas e alcanzado os obxectivos de etapa. Como máximo pódense ter dúas materias suspensas para obter o título.

# MÉTODOS DE TRABAJO



- Hai que asistir regularmente ás clases (só se xustifican as faltas por razóns médicas ou de forza maior).
- É necesario traer sempre o material á clase: ordenador, libros, cadernos, estoxo...
- Nas clases é preciso ter unha actitude adecuada: respecto, traballo, atención, coíidado do material, realizar as actividades indicadas polo profesorado...
- É fundamental un hábito de traballo diario na casa (facer as tarefas e estudar).

# MÉTODO DE TRABAJO



- É recomendable o uso da **AXENDA ESCOLAR**: permíte ter os horarios, anotar a tarefa, datas e resultados dos exames...
- O profesorado titor ten unha sesión semanal de atención ás familias, o que permíte controlar a evolución do alumnado.



Cada curso, en colaboración co Concello de Ribadeo, o centro diseña e elabora unha axenda que se pón a disposición do alumnado a comezos de curso.

Nela pódense atopar:

- Impresos para xustificar as faltas de asistencia.
- Impresos para autorizar ós fillos e fillas a recoller os boletíns de notas.
- Resumo das normas de organización do centro.
- Plano do centro.
- Etc.



# A axenda escolar



# FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO:



- Xornada escolar: 6 sesións diarias de 50 minutos, cun recreo de 30.
- O horario é de 8:30 a 14:00 h.
- Os luns ademais hai dúas sesións pola tarde: de 15:30 a 17:10 horas.
- O recreo é de 11 a 11:30 h.
- É preciso ser puntual á entrada do día e entre clase e clase.

# Funcionamento xeral do centro:



- Non se pode saír do centro.
- Se falta un profesor/a o alumnado estará atendido polo profesorado de garda.
- **O uso do teléfono móbil está prohibido.** Se necesitan comunicarse coa casa está a súa disposición o teléfono do centro.
- As faltas de asistencia deberán ser debidamente xustificadas, a través da axenda ou documento oficial.
- Servizo de transporte escolar e comedor (información sobre estes servizos no momento da matrícula)



# Relación familia - centro



As relacións co centro poden ser a través de:

- O contacto e colaboración co profesorado titor e profesorado en xeral.
- O contacto co equipo directivo e o departamento de orientación cando sexa preciso.

Todo o profesorado ten unha sesión semanal de atención ás familias.

# Relación familia - centro



E tamén:

- A Asociación de Naís e País
- O Consello Escolar
- Programa Abalar

# MATRÍCULA:



- Prazo oficial: do 1 ao 10 de xullo.
- Para evitar aglomeracións pregamos que a matrícula de 1º de ESO se faga, na medida do posible, os días 29 e 30 de xuño, 1 e 2 de xullo. Grazas.
- Documentación:
  - Impreso de matrícula
  - 4 fotos tamaño carné
  - Fotocopia do DNI
  - Fotocopia do libro de familia (folla de inscrición do neno ou nena)
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria

# Líbrros de texto e material escolar:



- **Proxecto Edixgal:** o alumnado contará cun ordenador de préstamo. Isto implica que non hai préstamo de libros, si axuda de material. Hai que comprar os libros de Língua Galega, Língua Castelá e, no seu caso, da materia optativa de Portugués, xa que estes departamentos non participan neste proxecto.
- As solicitudes para axuda de material presentaranse no instituto ata o 18 de xuño.
- **Listaxe de libros e material:** no seu momento, no centro e na páxina web do instituto.

Benvid@s

# Máis información:



IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

[www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo)

[ies.ribadeo@edu.xunta.gal](mailto:ies.ribadeo@edu.xunta.gal)

982 870 666

